

# VII CONCURSO

*Escolar de creación artística  
do Día Internacional da  
Muller e a Nena na Ciencia*





Ilustración: Zoé Coetzee Calviño do CPR Plurilingüe Padre Feijoo Zorelle (Ourense). Terceiro premio do VI concurso, categoría de primaria  
Deseño: Área de Imaxe. Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

**Ata o 20 de xaneiro  
de 2023**

Máis información:  
[mulleresnaciencia@esei.uvigo.es](mailto:mulleresnaciencia@esei.uvigo.es)

# VII CONCURSO

*Escolar de creación artística  
do Día Internacional da  
Muller e a Nena na Ciencia*



**Ata o 20 de xaneiro  
de 2023**  
Máis información:  
[mulleresnaciencia@esei.uvigo.es](mailto:mulleresnaciencia@esei.uvigo.es)

Universidade de Vigo

## *VII Concurso de creación artística do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia*

### **Bases do concurso**

#### **1. OBXECTIVOS**

1. Promover o coñecemento por parte do alumnado do papel das mulleres na ciencia e na enxeñaría e as súas achegas ao desenvolvemento humano ao longo da historia.
2. Establecer un certame que axude a que se visualice o papel das mulleres na ciencia e na enxeñaría e que reflecta como son vistas pola sociedade.
3. Chamar a atención do alumnado sobre a ciencia, a enxeñaría e a súa contorna.

#### **2. PARTICIPANTES**

Poderán participar neste concurso o alumnado de educación primaria e educación secundaria obrigatoria matriculado en calquera centro educativo que pertenza á provincia de Ourense.

Haberá dúas categorías e dúas modalidades:

- Primeira categoría: educación primaria. Modalidades (visual e literaria)
- Segunda categoría: educación secundaria obrigatoria. Modalidades (visual e literaria)

#### **3. CARACTERÍSTICAS DAS MODALIDADES**

- **Modalidade visual:** nesta modalidade encadraríanse debuxos con calquera material (lapis de cores, rotuladores, recortes para colaxe...) e recursos como o son, o vídeo ou a fotografía para crear obras ou propostas artísticas. Enviaranse en formato dixital ao enderezo da organización do concurso e non levarán o nome do autor ou autora de forma visible. As fotografías enviaranse en alta resolución (mínimo 1920 x 1080 píxeles), cun tamaño máximo de 20MB. Os vídeos poden ter unha duración que oscile entre os 30 segundos e os 2 minutos. Os debuxos tamén deberán ser escaneados en alta resolución. Deberá ser unha obra inédita e orixinal.

- **Modalidade literaria:** manuscritos que poderán estar escritos a man ou a ordenador e que, en calquera caso, se enviarán en formato dixital ao enderezo da organización do concurso. A extensión máxima do traballo será de aproximadamente 900 palabras, o que equivale ás dúas caras dun folio de tamaño A4, e non levarán o nome da autora ou autor de forma visible. Deberá ser unha obra inédita e orixinal: non un resumo do que xa está escrito na web. Os traballos poderán estar escritos en galego ou en castelán nos xéneros de poesía e narrativa (contos, relatos).

#### **4. TEMÁTICA**

O tema común dos traballos son os referentes femininos nas disciplinas CTEM (Ciencia, Tecnoloxía Enxeñaría e Matemáticas), enxeñeiras, oceanógrafas, informáticas, matemáticas, físicas, biólogas, vulcanólogas, químicas, inventoras. Os traballos deben reflexar a visión do alumnado do papel das mulleres na ciencia con temas como os seguintes: que sabes dos descubrimentos das científicas pioneiras?; anímaste a debuxar unha científica?; inventoras e os seus inventos; anécdotas ou historias do teu contorno persoal: a miña avoa científica, a miña tía enxeñeira. Axúdanos a descubrir as mulleres que deixaron a súa pegada na historia de ciencia. Deixa voar a túa imaxinación e amósanos a visión feminina da ciencia. Os traballos deben ser orixinais.

#### **5. PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS FORMA E PRAZO**

Os traballos presentaranse de acordo coas características dadas no punto 3 destas bases. Cada estudante poderá participar exclusivamente nunha das modalidades cun único traballo.

Os traballos enviaranse dixitalizados ao enderezo [mulleresnaciencia@esei.uvigo.es](mailto:mulleresnaciencia@esei.uvigo.es), xunto cos datos do traballo, (a autoría, o título de traballo, o curso e o centro educativo ao que pertence o autor/a), con data límite o 20 de xaneiro de 2023 as 14:30 horas.

#### **6. SELECCIÓN DOS TRABALLOS E DECISIÓN DO XURADO**

A selección dos traballos gañadores realizarase por proposta dun xurado. Os nomes das gañadoras e gañadores comunicaránse directamente ao centro, e publicarase a decisión a través da web e de diferentes medios da Universidade de Vigo. O xurado pode excluír traballos non relacionados co tema proposto no concurso ou que non cumpran os requisitos das bases. A decisión do xurado será inapelable. O nome das premiadas e premiados farase público e a entrega de premios será nun acto especial que terá lugar na primeira quincena de febreiro coincidindo cos actos de conmemoración do Día internacional da Muller e da Nena na Ciencia.

Criterios de avaliación

- Modalidade visual: valorarase a calidade técnica, a orixinalidade, a creatividade e o tratamento da temática do concurso.
- Modalidade literaria: valorarase o estilo, a capacidade de razoamento, a orixinalidade e o tratamento da temática do concurso.

#### **Composición do xurado**

O xurado estará composto por docentes da Facultade de Ciencias, da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e da Escola Superior de Enxeñaría Informática do campus de Ourense.

#### **7. PREMIOS POR CATEGORÍA E MODALIDADE**

Haberá tres premios por cada unha das categorías e das modalidades.

#### **8. DISPOSICIÓN DOS TRABALLOS**

Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da organización do concurso e as autoras e autores cederán os dereitos de reprodución das súas obras.

A participación neste concurso, implica aceptar estas bases e a decisión do xurado.

### **Información**

Para calquera dúbida ou aclaración pódese escribir ao seguinte enderezo electrónico: [mulleresnaciencia@esei.uvigo.es](mailto:mulleresnaciencia@esei.uvigo.es)